Concello de A MEZQUITA
Avda. da Constitución, 7 | 32549 A MEZQUITA (Ourense)
Telf. 988 42 55 41 | Fax 988 42 56 30
concello.de.amezquita@eidolocal.es
www.amezquita.es

RAFAEL PEREZ VAZQUEZ (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 13/11/2026
HASH: e4becb486ae1863f847ac326994bd3ab

BANDO

D. Rafael Perez Vazquez , Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que o **IMSERSO** por Resolución do 30 de outubro de 2026 convoca as prazas para pensionistas que desexen participar no **PROGRAMA DE TERMALISMO** (BOE nº 274 do 04/11/2026).

Requisitos das/dos usuarias/os

1. Poderán participar no Programa de Termalismo, as personas residentes en España, que sexan pensionistas polo Sistema de Seguridade Social español.

2. As persoas usuarias de praza deben reunir os seguintes requisitos:

a. Poder valerse por sí mesmo para as actividades da vida diaria.
b. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
c. Alcanzar, de conformidade ca baremación establecida, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e turnos.

3. Igualmente, poderán participar no programa as persoas de nacionalidade española, que residan no estranxeiro, sempre que perciban unha pensión do Sistema de Seguridade Social español.

4. Tamén poderán ser adxudicatarios das prazas, como acompañante, o cónxuxe ou a parella de feito ou persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal. Asimesmo, poderán ser adxudicatarios de praza, os fillos con discapacidade, en grao igual ou superior ao 45 %, sempre que o disfruten cos seus pais e se aloxen na mesma habitación.

Lugar e prazo de presentación:

As persoas interesadas en participar no programa poderán achegarse ó Departamento de Servios Sociais do Concello para facer a súa solicitude.
Establécense dous prazos para a presentación de solicitudes para participar no proceso de adxudicación de praza:
 Para as quendas dos meses de febreiro a agosto, ambos inclusive: ata o día 5 de decembro de 2026.
 Para as quendas dos meses de setembro a decembro: ata o día 12 de maio de 2027.

O Alcalde
D. Rafael Perez Vazquez
(Asinado dixitalmente na marxe)

Cod. Validación: ACLY3MWW7ZHNKZR9S6WMXH4HP
Corrección: https://amezquita.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1